



PROXECTO ECOCOMEDORES

O proxecto EcoComedores busca unha mellora no servizo dos comedores escolares, a través dunha alimentación saudable, baseada nos seguintes valores fundamentais; incluír alimentos de tempada, de proximidade e sempre que sexa posible ecolóxicos.

A finalidade principal é a mellora da calidade dos menús escolares a través dunha educación alimentaria tanto dende o comedor escolar, como en todo o ámbito educativo. Pero tamén se busca a través do proxecto EcoComedores fomentar o contacto cos produtores da zona para unha mellora no desenvolvemento rural. Así como en liñas xerais axudar a mitigación do cambio climático.

Unha alimentación saudable é fundamental para gozar dunha boa saúde e evitar enfermidades dende a etapa infantil. A base dunha boa alimentación debe estar formada por alimentos de orixe vexetal como as verduras e hortalizas, as froitas, as legumes e os cereais integrais. Así como incluír peixe, ovos, lácteos naturais e reducir o consumo de carne (especialmente carne vermella). Isto debe levarse a cabo tanto dende o ámbito familiar como educativo, nos centros escolares. Neste último caso a través dunha mellora no menú escolar, coa axuda de asesoramentos nutricionais e actividades para o alumnado. Cunha implicación activa de toda a comunidade educativa e persoas implicadas no proceso dende a dirección do centro e persoal encargado do comedor, o persoal de cociña e colaboradores, ANPAs, e profesionais da saúde como os Dietistas – Nutricionistas. Seguindo o exemplo de outras GDR que xa implantaron dito proxecto dende fai uns anos, como a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

As estratexias levadas a cabo terán lugar nos municipios integrados no Grupo de Desenvolvemento Rural, Asociación Seitura 22. O ámbito preferente de actuación será nos Concellos das comarcas do Eume, Ferrolterra e Ortegal, así como os concellos de Miño e Vilarmaior.

Nun primeiro momento comencouse a traballar con 4 centros situados no concello de Valdoviño (CPI de Atios), de Cabanas (CEIP Eladia Mariño), de Ortigueira (CEIP José María Lage), e de Mañón (CEIP Francisco López Estrada).